



ECOLOXISMO RESPONSABLE PARA UN MEDIO RURAL VIVO

A vida, en calquera ámbito, non se pode concibir sen aquilo que aporta a natureza e o medio ambiente. A relevancia que alcanzaron os problemas medio ambientais nas últimas décadas deu lugar a grandes debates científicos e políticos sobre estes asuntos. Desgraciadamente moitas veces, nesas porfías tiveron mais importancia a ideoloxía que a ecoloxía. Na actualidade non é defendible unha fronteira entre pensamento económico e pensamento ecolóxico; son necesarias ideas que integren ambos conceptos.

Unha análise catastrofista sobre a natureza non parece ser o que máis se achegue á realidade nin o máis acertado, pero é que tampouco tería resultados efectivos na conservación. Pola contra, un uso indiscriminado dos recursos naturais en aras dun crecemento desmesurado non ten cabida nestes tempos, e pode levarnos a resultados moi negativos ou mesmo irreversibles. É necesario buscar o punto de equilibrio entre o aproveitamento dos recursos e o crecemento económico e social, de xeito que sexa compatible coa conservación e co respecto ó medio, nunha palabra, un desenvolvemento sustentable. Isto non pode facernos esquecer que a natureza non está composta só polos activos medio ambientais, senón tamén de forma importante polo capital humano que vive e desenvolve a súa actividade nela. É necesario exercer con responsabilidade ese principio de desenvolvemento sustentable, sen esquecer nunca que as condicións de vida, ou o acceso a elas, e as expectativas das persoas que viven nos espazos naturais, aínda naqueles que necesitan unha especial protección, sexan aceptables e asimilables ás doutros territorios.

Debemos comprender que é preciso facer ordenación, tamén no medio rural e por tanto na natureza, pero nela as prohibicións deben quedar para situacións excepcionais. Os usos e os aproveitamentos tradicionais deben manterse en tódolos lugares, porque esa forma de vivir e convivir coa natureza foi a que fixo que as zonas mellor conservadas chegaran así ós nosos días.

Para levar adiante políticas efectivas de conservación necesítase manter un medio rural vivo, onde agricultores, gandeiros, silvicultores, cazadores, pescadores e como non ecoloxistas poidamos levar adiante as nosas propostas e actividades de xeito ordenado e responsable. Parece máis efectivo buscar e poñer en común o moito que nos une, a estes colectivos, que facer bandeira das pequenas cousas nas que vai ser complexo converxer. Creo que a radicalidade é máis efectiva na esixencia do cumprimento das lexislacións, que manter esas posicións extremas na elaboración dos planos ou normas relacionadas co medio natural.

É frecuente que moitas das normas que regulan a conservación (ou de forma xenérica a vida e actividades no medio rural), afecten a certos usos en aras do interese xeral. Máis aló da interpretación que cadaquén poidamos facer con respecto ó compoñente social que deba ter a propiedade privada, é necesario advertir que o propietario galego de fincas rústicas nada ten que ver con esa idea do gran terratenente castelán ou andaluz, asociado coa opulencia. A media da propiedade dun propietario galego non supera as tres hectáreas de monte, habitualmente procedente dunha herdanza que leva aparelhada a paixón pola terra, da que espera sacar unha pequena renda ou satisfacción, ben sexa pola venda de madeira, uso de leña ou calquera outro aproveitamento, e que en moitos dos casos serve para completar as escasas rendas.

A caza é unha das actividades tradicionais baseada no aproveitamento dun recurso natural renovable, non só porque así esíxeo o ordenamento xurídico galego senón tamén porque os propios cazadores galegos, por convencemento, actúan de forma cabal na práctica cinexética e na propia xestión do territorio; facendo da caza un uso responsable e sostible da natureza.

Ó longo dos tempos a caza na nosa terra acadou un compoñente social con profundas raíces, o que en si mesmo xa é un valor propio moi positivo, que xunto con ese aproveitamento sostible da natureza, e polo tanto da conservación das especies, fai que sexa un rico patrimonio ancestral e natural que debe ser conservado e fomentado.



A confrontación caza-conservación é un conflito artificial, pois só pode asentarse en prexuízos ou nun desexo de impoñer un concepto urbano de entender o medio natural afastado dos mecanismos reais e máis sinxelos da natureza. Os cazadores, como colectivo que defende e traballa por un medio rural vivo, desexamos camiñar da man con todos os que compartimos o aprecio pola natureza e facemos un uso responsable dos recursos naturais. Pero non é menos certo que non consentiremos o desprezo nin o asoballamento, tan habitual no pasado, dirixido tamén ás “humildes” xentes do campo nin por parte de persoas nin colectivos, nin moito menos que se nos estigmatice como ignorantes ou cidadáns de segunda fila por conservar unha tradición ancestral que, obxectivamente, contribúe o mantemento da biodiversidade.

En estricta aplicación do principio de sustentabilidade (satisfacer as necesidades presentes, desenvolvendo unha actividade social ou económica e aproveitando os recursos, sen comprometer o seu uso e disfrute por xeracións futuras) a CAZA que defendemos é o máis fiel reflexo da palabra, tan invocada por algúns como demagoxicamente utilizada por outros.

José María Gómez Cortón
Presidente da Federación Galega de Caza